



CONCELLO  
DA LARACHA

**PLAN DE ADAPTACIÓN DO**  
**PROGRAMA MADRUGADORES Á**  
**SITUACIÓN COVID 19 NO CURSO**  
**2020-2021 – CEIP OTERO PEDRAYO.**



## **PLAN DE ADAPTACIÓN DO PROGRAMA MADRUGADORES Á SITUACIÓN COVID 19 NO CURSO 2020-2021**

### **→MEDIDAS DE PREVENCIÓN BÁSICA**

#### **PRINCIPIOS SANITARIOS BÁSICOS**

- 1) Denominación do Centro onde se vai levar a cabo a actividade: instalacións do CEIP OTERO PEDRAYO – A Laracha.
- 2) Denominación da actividade: Programa Madrugadores.
- 3) Horario de realización da actividade: desde as 7:00 ata a entrada ao centro escolar.
- 4) Instalacións onde se vai realizar a actividade: aulas e comedor.
- 5) Organismo que organiza a actividade: Concello da Laracha, Concellería de Igualdade.
- 6) Coordinación cos membros do equipo COVID: A coordinación co equipo COVID do centro escolar realizarase a través das responsables do programa Madrugadores no Concello da Laracha: Rocío López Rey e Ana Aldao Corral (Tif. De contacto: 981 612 811).
- 7) Centro de saúde de referencia: Centro de saúde da Laracha/ PAC da Laracha.
- 8) Determinación do espazo de illamento COVID: utilizarase o espazo de illamento que dispoña o Centro escolar, para illar a aquelas persoas nas que se detecten síntomas mentras non se xestiona o seu traslado.
- 9) O monitorado do Programa Madrugadores deberá realizar una auto- enquisa diaria de síntomas para comprobar, no caso de que haxa síntomas, que estes son compatibles cunha infección por SARS-COV-2 mediante a realización da enquisa clínico - epidemiolóxica que se describe no Anexo I do Protocolo de adaptación ao contexto da COVID 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021, que debe realizar o monitorado e alumnado antes da chegada ao Programa Madrugadores.
- 10) Ante a aparición de sintomatoloxía compatible, relacionada no anexo I, no monitorado do Programa, non acudirán ao Programa Madrugadores e chamarán ao seu centro de saúde de referencia e ás persoas responsables do Programa Madrugadores no Concello. Como criterio xeral, manterase en illamento preventivo domiciliario, poñéndose en contacto co seu centro de saúde. Serán os facultativos os que valorarán a sintomatoloxía e prescribirán a realización dun test diagnóstico ou proba PCR.



- 11) Procurarase a menor rotación posible do persoal, organizando grupos estables para reducir os contactos.
- 12) Para a detección precoz no alumnado, os seus pais, nais, titoras, titores, realizarán unha auto avaliación dos síntomas de forma diaria a fin de comprobar se estes son compatibles cunha infección por SARS-COV-2. Utilizarase a enquisa clínico – epidemiolóxica que se describe no Anexo I que debe de realizarse antes da chegada ao centro.
- 13) No caso de que se detectase sintomatoloxía compatible na casa, o alumnado non acudirá ao Programa Madrugadores e a súa familia contactará inmediatamente co centro de saúde de referencia da/o alumna/o.
- 14) Ante a detección de síntomas compatibles con infección por SARS-COV-2 nunha/nun alumna/o, durante a estancia no centro ou á chegada ao mesmo, contactarase coa súa familia ou persona de referencia, que deberá presentarse no centro a maior brevidade. Unha persoa da familia solicitará consulta telefónica co seu pediatra ou o seu facultativo que valorará a solicitude dun test diagnóstico.
- 15) Se alguna persoa do núcleo familiar é sospeitosa de padecer a COVID-19, o alumnado ou o monitorado de Madrugadores que conviva con elas non poderán acudir ao Programa Madrugadores ata que se coñeza o resultado da proba e sexa negativa. A persoa afectada ou a súa familia comunicarán o resultado ás persoas coordinadora do COVID do Programa e esta comunicarano á persoa coordinadora COVID do centro escolar.
- 16) Para os efectos de causas de extinción do servizo Madrugadores , as ausencias derivadas da aplicación das anteriores medidas consideraranse sempre xustificadas.

#### **MEDIDAS XERAIS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL**

- 1) Traballarase en conxunto coa empresa adxudicataria do Programa Madrugadores para levar a cabo a adaptación da programación de actividades ás normas hixiénico-sanitarias establecidas.
- 2) En caso necesario, establecerase un reforzo de persoal monitor por encima da ratio mínima para garantir as medidas de prevención.
- 3) Durante a realización das actividades establecerase una distancia física mínima de 1 metro sen uso de máscara, cando o alumnado estea orientado no mesmo sentido.
- 4) Se o tamaño da aula non permitise as distancias previstas no punto anterior e non sexa posible utilizar aulas de maior dimensión, imporase o uso da máscara obrigatoria.



- 5) O alumnado e monitorado teñen a obriga de usar máscara fóra das aulas: circulación polos espazos común, nas entradas e saídas ao centro e nas entradas e saídas do comedor. Recoméndase que o monitorado utilice a máscara continuamente, tanto pola función de protección como polo seu carácter exemplificante.
- 6) Desde o Programa Madrugadores informárase a todas/os as/os participantes no mesmo (monitorado, alumnado, nais e país) sobre as medidas de prevención da transmisión da infección, as medidas de protección que se deben empregar e as instrucións para o correcto manexo das mesmas, destacando:
  - Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca.
  - Hixiene de mans: lavado frecuente e meticuloso das mans con auga e xabón, durante polo menos 40 segundos, ou con solución hidroalcohólicas, durante polo menos 20 segundos, no seu defecto. Cando as mans estean visiblemente sucias debe utilizarse auga e xabón.
  - Á entrada e saída do Programa Madrugadores, esixírase a todas as persoas (monitorado, alumnado, nais e país) a realización da hixiene de mans con verificación visual do seu correcto cumprimento. No caso do alumnado e monitorado nas entradas e saídas das aulas e do comedor.
  - Habilitáranse dispensadores de solución hidroalcohólica na entrada das aulas e do comedor.
  - Programáranse dinámicas para que o alumnado realice hixiene de mans con frecuencia (xogos, acompañamento ao lavado, momentos previos ás actividades, entrada no comedor, cada vez que van ao baño), ademais das medidas de educación sanitaria. Garantírase a existencia de xabón e papel para secar as mans, así como portapanos desbotables.
  - Xerar sistemas de educación sanitaria para a implantación de medidas de hixiene respiratoria:
    - Ao tусir ou esbirrar, tapar a boca e o nariz cun pano de papel que se desbotará nunha papeleira con tapa, ou ben facelo contra a flexura do cúbado.
    - Realizar hixiene de mans frecuentemente, sobre todo despois de tусir, esbirrar, uso de panos e obxectos, así como antes e despois de comer ou usar os aseos.
    - Manter a distancia física recomendada. Se non se puidera manter, será necesaria a utilización de máscara de protección.



Informarase do uso correcto da mesma e do xeito de poñela e sacala. Motivo polo cal todo o alumnado virá provisto da súa máscara.

- O persoal de Madrugadores gardará a distancia de seguridade de 1,5 metros co demais persoal e alumnado, tanto nos períodos de actividade como nas entradas e saídas, sen prexuízo do establecido da previsión de 1 metro nas aulas.
- Con anterioridade ao inicio do Programa Madrugadores, realizarase una limpeza e desinfección xeral das aulas a ocupar e do mobiliario.
- O material de traballo (ordenador, proxector, teclado, rato, mesa, teléfonos, material de oficina) deberán ser usados exclusivamente polo monitorado e deberán desinfectarse adecuadamente antes de ser empregados por outra persoa. Os xogos deberán desinfectarse adecuadamente antes e despois de ser utilizados polo alumnado e monitorado.
- As colchonetas utilizadas para momentos de descanso deberán ter una separación de polo menos 1,5 metros, coas medidas de seguridade e hixiene que procedan.

#### **MEDIDAS XERAIS DE LIMPEZA NO PROGRAMA MADRUGADORES**

- 1) Relizarase una limpeza das zonas de uso do Programa Madrugadores antes do inicio da actividade e á finalización do mesmo
- 2) Terase especial atención nas zonas de uso común e nas superficies de contacto máis frecuentes como pomos das portas, mesas, mobles, pasamáns, perchas, billas, elementos das cisternas e outros dos aseos.
- 3) Todo o enxoval para os almozos lavarase no lavalouzas.
- 4) Utilizaranse desinfectantes como disolucións de lixivia (1:50) recién preparada ou outros desinfectantes con actividade virucida autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade.
- 5) Despois de cada limpeza, os materiais empregados e os equipos de protección usados desbotarase de xeito seguro, procedéndose posteriormente ao lavado de mans.
- 6) Viaxiarase especialmente a limpeza de papeleiras, de xeito que queden limpas e cos materiais recollidos, co fin de evitar calquera contacto accidental.
- 7) Realizaranse tarefas de ventilación frecuente nas instalación, e por espazo de polo menos 5 minutos (10 minutos cando a aula estivese ocupada previamente), ao inicio do Programa, na finalización e durante as actividades. Cando as



condición meteorolóxicas e do edificio o permitan, manteranse as xanelas abertas o maior tempo posible.

- 8) Os panos desbotables, serán refugados en papeleiras con bolsa protexidos con tapa e preferentemente accionados con pedal.
- 9) Todo material de uso persoal (máscaras, luvas de latex e similar) depositaranse na fracción resto (agrupación de residuos de orixe doméstica que se obtén una vez efectuadas as recollidas separadas).
- 10) No caso de que una/un alumna/o ou unha persoa traballadora presente síntomas mentres se atope na actividade, illarase o contenedor onde se depositen os panos u outros produtos usados por eles. Esta bolsa será extraída e colocada nunha segunda bolsa de lixo, con peche, para o seu depósito na fracción resto. Procederáse a limpeza do espazo no que se levou a cabo o illamento preventivo, despois de que a persoa que presentou síntomas durante a actividade teña abandonado o centro.

#### **MEDIDAS XERAIS DE PROTECCIÓN COLECTIVA**

- 1) Nas entradas dos lugares habilitados para o Programa Madrugadores disporase de produtos de hixiene que permitan tanto ao persoal coma ao alumnado realizar una adecuada hixiene das mans.
- 2) En todas as aulas, disporase de xel hidro alcohólico.
- 3) As persoas que leven ao alumnado o Programa Madrugadores deberán entregar ao monitorado ás nenas e nenos na porta de entrada, sen entrar nas instalacións.
- 4) Á entrada tomarase a temperatura a todo o alumnado participante no Programa Madrugadores.

#### **SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL DE PROTECCIÓN**

- 1) O Concello da Laracha aprovisionará para a realización do Programa Madrugadores: xel hidro alcohólico, panos desbotables, materiais de limpeza e desinfección, luvas, papeleiras de pedal, impresión de cartelería e máscaras de protección.

#### **XESTIÓN DOS ABROCHOS**

- 1) Non asistirá ao Programa aquel alumnado, monitorado e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con alguna persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.
- 2) Diante dun suposto no que unha persoa ou alumna/o da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no Programa



seguirase o seguinte protocolo de actuación: levarase ao espazo de illamento habilitado, colocárselle una máscara cirúrxica, tamén á persoa que quede ao seu coidado, e contactarase coa familia, no caso de afectar ao alumnado. Chamarase ao centro de saúde da Laracha, ou ao teléfono de referencia do SERGAS (900 400 116) e seguiranse as súas instrucións. No caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. A/o traballadora/or que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara e avisar as responsables do Programa Madrugadores, e logo seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario. En todos os casos, contactarase con unha responsable do Programa Madrugadores e esta comunicarao a persoa coordinadora Covid do centro escolar e a persoa coordinadora da empresa concesionaria.

- 3) A familia dunha nena ou neno con sospeita de contaxio, deberá solicitar una consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitar un test diagnóstico. Se non houberse cita para ese mesmo día, acudirá ao PAC para a valoración polo médico de atención primaria.
- 4) Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid-19 seguiranse as recomendación da Xefatura Territorial de Sanidade.

#### → **MEDIDAS DE CARÁCTER ORGANIZATIVO**

##### **REGULACIÓN DE CIRCULACIÓN E DE ENTRADAS E SAÍDAS**

- 1) Con carácter xeral, e salvo razón xustificadas, ou cando a presenza sexa requerida polo persoal do Programa Madrugadores, non se permite a entrada dos proxenitores nas instalación onde se realiza o Programa.
- 2) Nas entradas e saídas das aulas e nos momentos de retorno do comedor o monitorado velará pola orde dos movementos e fluxos do alumnado. Establecendo sentidos de entrada e saída diferentes en ambas marxes dos corredores de forma que indiquen a circulación pola dereita de forma individual respectando a distancia de seguridade.
- 3) Na finalización da actividade que coincide co inicio do horario lectivo do centro escolar, o monitorado velará porque o material estea recollido e desinfectado polo alumnado, e este preparado para saír ordenadamente e respectando a distancia de seguridade no horario establecido pola dirección do centro de xeito que se eviten demoras.
- 4) Utilizarase como mecanismo de comunicación xeral coas familias a páxina web do Concello da Laracha, correo electrónico e vía telefónica.



### **MEDIDAS XERAIS EN RELACIÓN CO USO DO SERVIZO DE COMEDOR**

- 1) O servizo de almozos realizarase no comedor escolar, utilizando os espazos e coas indicacións que faga a dirección do centro escolar e cumprindo as medidas de seguridade en canto a distancia.
- 2) Establécense dúas quendas para os almozos: a primeira quenda ás 7:45 e a segunda ás 8:30.
- 3) O alumnado sentarase no comedor agrupado segundo o grupo estable que teñan asignado.
- 4) O monitorado ten a obriga de lavar e desinfectar todo o enxoval, electrodomésticos e utensilios que se utilicen no proceso de elaboración dos menús.

### **CONSIDERACIÓNS XERAIS NAS AULAS**

- 1) Estableceranse grupos estables nos espazos dispoñibles para levar a cabo o Programa Madrugadores. O criterio para formar os grupos será a idade e o horario de entrada.
- 2) Durante a realización das actividades non se poderá usar material compartido sen a previa desinfección do mesmo. Nas perchas o material ou ropa debe colocarse do xeito máis individualizado posible.
- 3) No caso de utilizar mesa e cadeira para a realización dalgunha actividade, dedicarase un tempo a desinfección da mesa e da cadeira coa dotación de desinfección existente na aula (panos desbotables e solución desinfectante). Aproveitaranse os primeiros minutos para lembrar os protocolos de hixiene e seguridade.
- 4) En cada una das actividades programadas adaptarase a metodoloxía evitando a formación de grupos e minimizando o contacto con materiais. En todo caso, evitarase que o alumnado estea encarado a una distancia inferior a 1 metro.
- 5) No caso de xogos, estes serán individuais na medida do posible, minimizando o uso de materiais que teñan que ser usados por varios alumnos e procurando a súa limpeza e desinfección despois do seu uso. Realizaranse as modificacións precisas na programación e cando a distancia teña que ser inferior a 1,5 metros usarase a máscara.

### **CAMBIOS DE ESPAZO**

- 1) Nos traslados ao comedor ou na finalización da actividade, a saída será ordenada e continua, de 1 en 1, deixando a distancia de seguridade e evitando a formación de aglomeracións. En todo caso, o monitorado da segunda quenda de comedor asegurase de que o grupo da primeira quenda xa non está no mesmo. Na





finalización da actividade, que coincide coa entrada do centro escolar seguirá as normas que teña previstas o centro escolar.

### **USO DOS ASEOS**

- 1) O uso dos aseos estará limitado a una/un alumna/a de cada vez. O alumnado deberá hixienizar as mans á saída do mesmo.
- 2) No caso de alumnado da etapa de infantil ou con NEE, o monitorado que acompañe ao alumnado ao aseo deberá portar as protección individuais axeitadas.

### **UTILIZACIÓN DE CARTELERÍA NO CENTRO**

- 1) As instalacións do Programa Madrugadores disporá de cartelería informativa na entrada que advirta sobre o respecto da distancia de seguridade, sintomatoloxía do COVID 19 e medidas de hixiene social e individual. Nas aulas reforzarase a información sobre hixiene individual.
- 2) Na medida do posible evitarase, para facilitar a limpeza, a colocación de anuncios, collages, muráis ou outro material nas paredes de aulas.

### **NORMAS ESPECÍFICAS PARA O ALUMNADO CON NEE**

- 1) O monitorado que preste atención a este alumnado valorará o emprego de pantallas/viseira no caso en que non poidan facer uso das máscaras e a súa atención requira non respectar a distancia de seguridade.
- 2) No caso en que o alumnado non teña autonomía, o monitorado organizará o acompañamento deste nas entradas e saídas, traslado ao comedor, traslado polo centro, así como na hixiene de mans nos momentos de entrada a Madrugadores, despois de ir ao baño, antes e despois do almorzo, tras esbirrar ou tusir e naqueles casos que sexa preciso, dando sempre marxe ao desenvolvemento da súa autonomía.

### **MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA O MONITORADO**

- 1) Corresponde ao monitorado manter una conduta exemplarizante no cumprimento das medidas de protección, ademáis inculcará no alumnado a concienciación sobre o carácter social da pandemia e o beneficio común do cumprimento das normas.
- 2) O monitorado disporá dunha dotación de material de hixiene composto por panos desbotables, solución desinfectante e xel hidro alcohólico para o seu uso individual.



- 3) Con cada grupo o monitorado responsabilizase da hixiene das súas mans e as do alumnado, do cumprimento das medidas de ventilación e de lembrar as medidas hixiénicas e de seguridade ao alumnado.
- 4) Todas as reunións do monitorado entre si e coas responsables do Programa no Concello da Laracha e coa coordinadora da empresa concesionaria realizarase cumprindo as normas de protección e o aforo dos locais.

### **→MEDIDAS DE CARÁCTER FORMATIVO E PEDAGÓXICO**

#### **EDUCACIÓN EN SAÚDE**

- 1) As persoas responsables do Programa Madrugadores no Concello da Laracha aseguraranse que a información sobre os protocolos de actuación e as medidas de prevención, hixiene e promoción da saúde implantadas no Programa Madrugadores chegan e son comprendidas polo monitorado, coordinadora da empresa concesionaria, alumnado e nais e país:
  - A empresa concesionaria porporcionará información e faciliatará a adquisición de habilidades sobre as medidas de prevención e hixiene ao monitorado do Programa Madrugadores
  - Desde o Concello da Laracha enviarase información a todas as familias, mantendo una canle disponible para a solución de dúbidas que poidan xurdir.
  - O Concello da Laracha potenciará o uso de infografías, carteis e sinalización que fomente o cumprimento e comprensión das medidas de prevención e hixiene. Coidará que esta información sexa actualizada no caso de que cambien as indicacións das autoridades sanitarias
- 2) Diseñaranse e implementaranse na programación das actividades do Programa Madrugadores actividades de educación para a saúde que inclúan as medidas de prevención, hixiene e promoción da mesma fronte o COVID-19, para facer do alumnado axentes activos na mellora da saúde de toda a comunidade.
- 3) A empresa concesionaria encargarse de formar ao monitorado sobre as medidas xerais de prevención e protección fronte o COVID-19.

A Laracha, 31 de agosto de 2020